



2026: 12 meses de sensibilización en prol da IGUALDADE NOS COIDADOS DESDE A CORRESPONSABILIDADE

Xullo do 2026

A conciliación corresponsable na «Proposta de CCOO por un Pacto integral e estatal de coidados»

As actuacións ou medidas propostas por CCOO para mudar o modelo de coidados actual teñen a finalidade de promover non só o compromiso das persoas, homes e mulleres, senón tamén das entidades públicas e, sobre todo, das empresas.

Neste mes de xullo incluimos algunhas das medidas xerais da proposta de CCOO no documento:

100 medidas para un Pacto integral e estatal de coidados¹

Como se afirma no documento, a garantía dos coidados debe ser un asunto público, de Estado, non particular das familias ou das mulleres; máis aínda cando sabemos que:

*«sobre a calidade e garantía dos coidados
sostéñense a vida digna e o benestar común».*

Son as seguintes:

- *Articular un sistema público integral de coidados co soporte dunha **lei de coidados**.*
- *Recoller datos e evidencias de maneira periódica, en múltiples dimensións e con perspectiva de xénero sobre os **usos do tempo**, co obxecto de dispoñer de **estatística actualizada**.*
- *Establecer mediante a **negociación colectiva** medidas de **conciliación corresponsable** que melloren as recoñecidas na lexislación e que favorezan a implicación das empresas e persoas traballadoras (sobre todo dos homes). Especialmente, en materia de **permisos retribuídos**, **flexibilidade** nas franxas horarias de entrada e saída, **prioridade** en períodos de vacacións ou festivos para quen teña responsabilidades de coidado, etc.*

¹ Ligazón ao documento completo das 100 medidas:

<https://ccoo.es/144027701802253faf077eb6a97f7d80000001.pdf/>

Co financiamento de:

